

# SÓ OS AMANTES SOBREVIVEN

# 22

[Jim Jarmusch, 2013]

ESTREA EN NUMAX: 03.06.2015 | V.O.S.E.

## FICHA TÉCNICA

Only Lovers Left Alive (2013, 123')

**Dirección e guión:** Jim Jarmusch

**Reparto:** Tilda Swinton, Tom Hiddleston, Anton Yelchin, Mia Wasikowska, John Hurt, Jeffrey Wright, Slimane Dazi, Carter Logan, Aurelie Thepaut

**Montaxe:** Afonso Gonçalves

**Dirección de arte:** Anja Fromm

**Vestiario:** Bina Daigeler

**Son:** Howard Baker, Mark Goodermote

**Música:** SQÜRL (Jim Jarmusch, Carter Logan, Shane Stoneback)

**Fotografía:** Yorick Le Saux

**Produtoras:** Recorder Picture Company (Reino Unido), Pandora Filmproduktion, Snow Wolf Produktion (Alemaña)

**Distribuidora:** Vértigo Films

**Estrea en España:** 13.06.2014

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1,85:1

## FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

*The Limits of Control*, 2008

*Ghost Dog*, 1999

*Dead Man*, 1995

*Night On Earth*, 1991

*Mystery Train*, 1989

*Down By Law*, 1986

*Stranger Than Paradise*, 1984

*Permanent Vacation*, 1980

«Calquera vampiro e daquela, calquera ser humano, está máis vivo canto máis aberto estea ao asombro e á curiosidade»

Jim Jarmusch

## SINOPSE

Ambientada nunhas Tánxer e Detroit romanticamente desoladas, Adam, un músico underground fortemente deprimido polo camiño que levan os actos da Humanidades, xúntase coa súa enigmática amante, Eve, á que non lle custa recoñecer a súa condición de vampiro.

A súa historia de amor prevaleceu varios séculos, pero ese idilio libertino vese interrompido pola aparición de Ava, a salvaxe e incontrolábel irmá pequena de Eve. A medida que se lles esboroa o mundo que os rodea, poderán estas astutas e fráxiles criaturas da noite continuar existindo antes de que sexa tarde de máis?



# SÓ OS AMANTES SOBREVIVEN

[Jim Jarmusch, 2013]

## Nick Pinkerton entrevista Jim Jarmusch

**A vida nestas cidades despoboadas vailles ben a estes personaxes, que habitan un mundo de dous, hermético. Chámanse -se cadra non de nacemento, pero é así como os coñecemos- Adam e Eve, o que suxire que non só son os últimos amantes que sobreviviron, senón quizabes os primeiros amantes que viviron.** Antes de nada teño que dicir que iso de Adán e Eva collino dun libro que foi unha enorme inspiración para este filme, ao que nunca se fai referencia, *Os diarios de Adán e Eva*, de Mark Twain. É un dos libros máis divertidos e fermosos nunca escritos sobre as diferentes percepcións que teñen un home e unha muller. É un libro fantástico, un dos meus preferidos absolutos e unha inspiración fulcral para o filme, mais non quixen que aparecera de xeito explícito. Os nomes veñen daquela da apropiación bíblica de Twain e da miña propia que eu fago del. O título do filme é poético e sae doutros traballos anteriores. Hai un poema que se chama así á volta da entrada no século XX, e un libro inglés fantástico dos anos sesenta que se chama *Only Lovers Left Alive*, ao redor dunha revolución cultural da mocidade inglesa. Un libro xenial.

Acabando os setenta eu estudaba na New York University e era unha especie de asistente de Nick Ray, coma o seu bolseiro. Houbo unha época na que chegou a ter os dereitos sobre este libro e poucos meses antes de morrer deume o libro en agasallo. Díxome: «Colle o libro e, non sei, eu nunca fun quen de facer nada con el, se cadra pódete ser de inspiración para algo». De feito, encántame o libro, pero tampouco quería adaptalo. Creo que mesmo Mick Jagger chegou a ter os dereitos para facelo. É un bo libro, pero un título é un título. Ese libro colleu o título dun poema, xa hai moitas cancións que se chaman igual antes do noso filme... Pareceume un título fermoso e quería para min, no meu interior, que Nick estivera dalgún xeito bendicindo o filme, así que collín algo del: collínlle o título.

(...)

**Hai unha idea que percorre os teus traballos, o rexeitamento da propiedade cultural, a idea de que a cultura sexa propiedade dunha soa persoa...**

Galileo non podería existir sen Copérnico. Todas estas cousas danse forma unhas a outras, así é como progresa a humanidade.

Na ciencia está totalmente asumido dicir: «partindo de Einstein son quen de elaborar unha teoría cuántica». Mais ás veces ao nos referirmos á arte ou ás expresións culturais, parece que a xente ten un problema, chámalle roubo ou apropiación. E o que son é máis ondas do mesmo océano que continúan a mexer. É un absurdo concibir que algo existe sen inspiración ou influencia dos que viñeron antes, sería ridículo. Eu realmente amo este contínuo fluxo de ideas e expresións, da xente collendo cousas de quenes se inspiraron. Sen iso a ver que; non hai Bob Dylan, síntese, non hai Jean-Luc Godard...

(...)

Non adoito ler as boas críticas dos meus filmes, prefiro as negativas. Pode parecer masoca, pero ten máis que ver con pórse no lugar do outro. Sobre este filme, lin algunhas que dicían cousas do tipo «É puro exhibicionismo dos seus referentes arcanos». Guau. Eu pensaba estar a celebrar a vixencia das cousas que che interesan no mundo, non me considero exhibicionista! Pero chego a entender que haxa quen o perciba como pretencioso pola miña parte. Realmente non me afecta, porque estou fachendoso do noso filme e das cousas que conta, pero sempre me gusta tentar pórme no lugar do outro, se podo, en calquera situación. E se cadra chegar a entendelo...

É todo un problema de expectativas: se agardas algo e non o consigues ou non é o que esperabas, vas ter unha reacción negativa. (...) Acontece o mesmo no amor e na vida, se tes moitas esperanzas nalgo vaste vir abaixo. Canto máis esperas de algo, máis doado vai ser que te decepcione.

Publicado en *Sight&Sound* vol.24 issue 3, March 2014. Tradución do inglés orixinal: Ramiro Ledo Cordeiro

## MATERIAIS

### OBRAS DE JIM JARMUSCH NA NOSA LIBRARÍA:

*Pack Jim Jarmusch* [DVD]

*Down By Law* [BLU-RAY]

*Flores rotas* [BLU-RAY]

*Night On Earth* [BLU-RAY]

### E TAMÉN NA LIBRARÍA NÚMAX:

*Diario de Eva*, Mark Twain

*Retallos do diario de Adán*, Mark Twain

*Obras completas*, Frank Kafka.

*Jim Jarmusch*, Hilario J. Rodríguez / Carlos Tejeda

*Los amantes de la noche*, Nicholas Ray [DVD]

*Infierno en las nubes*, Nicholas Ray [DVD]

*La casa en la sombra*, Nicholas Ray [DVD]

*Nicholas Ray en RKO* [DVD]

*Pack Aki Kaurismäki vol4.*

*(Nubes pasajeras / Luces al atardecer)* [DVD]

*El Havre*, Aki Kaurismäki [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org